

Historia de vida

Francisca Casais Oujo

Alba Fernández Ventoso

Nome: Francisca Casais Oujo

Data de nacemento: 24 de maio 1930

Lugar de nacemento: (nunha vila mariñeira) (A Coruña)

Relación persoal: Avoa materna.

Francisca naceu no ano 30 nunha vila mariñeira. É a segunda de oito irmáns. A filla mais vella é Manuela que naceu no ano 29, despois de Francisca naceu un neno no ano 31, Francisco, que morreu cando tiña un ano e medio de meninxite, os poucos días de morrer Francisco nacía Dolores, no 33, un ano despois Manuel; Juan nace no ano 36 e Josefa no 38, aínda nacería outra nena, Filomena pero morrería os tres días de nacer.

A pesares de ter tantos fillos a situación económica non era mala, o seu pai tiña un barco propio, unha dorna con vela.



Dorna

Pescaba nos caladoiros da zona, sobre todo congrio porque na vila había secadoiros de este peixe e sempre había demanda, tamén collían outras especies que eran vendidas na lonxa en subasta, parte da pesca era para o consumo da familia.

Nestes tempos seus pais estaban comezando a súa vida como parella e como familia, as cousas ían ben e estaban facendo unha casa, ata agora viviran nunha casa alugada, no ano 34 estrean a casa, o primeiro fillo que nace nela e Manuel.

A infancia de Francisca transcorre na vila, xogando cas veciñas e amigas nos arredores da casa e polas hortas que había cerca, moitas veces xogando esperaban a que baixaran do monte unhas cabras que tiña un veciño e antes de que el chegase muxián algunha cabra e bebía o leite. Cando chegaba a primavera, no mes de maio as nenas facían un “altariño” para a Virxe, collían flores e adornaban o altar, tamén facían un peto e cada nena gardaba todo o que lle daban, un caramelo por facer un recado o a paga do domingo que era unha “chica” (medio patacón, una peseta= dez patacóns), o rematar o mes de maio facían unha merenda entre todas, facíano todos os anos. Unha das nenas que xogaba con elas era mais rica porque non tiña irmáns e Francisca conta que a esta nena por reis regalábanlle monecas e a ela e a seus irmáns so lles traían unha laranxa, figos, pasas e algún caramelo, isto chamáballe moito a atención e pensaba que os reis magos non eran moi listos porque os mais ricos eran os que mais regalos recibían e os pobres so laranxas. Tamén lembra con nostalxia o tempo do Antroido, antes era unha festa moi divertida na que participaba moita xente, facíanse comparsas que quedaron na memoria dos mais vellos do Son polo bonitas que eran (recita algunhas estrofas: “ Adios al Puerto del Son/ que solo te vas quedando/ a la América del Sur/ tus hijos se van marchando/ de nada les serviran/ tu múelle y el malecón/ a los que buscan el pan/ fuera de nuestra nación.

E despois outra :“ Pero Chepas/ a que andas?/ tomándole el pelo al pueblo/ de forma tan descarada”).

Os sete anos (1937) empezou na escola, conta que non entendía moito do que estudiaba, primeiro porque era en castelán e despois porque repetían como loros cousas que non estaban nin no seu mundo, como as provincias, ela non entendía que era eso. Ensináballes a sumar e multiplicar pero tampouco sabía que eso tiña que ver co que facía o tendeiro cando lle cobraba o que mercaba, foi mais tarde, cando se fixo mais vella, que entendeu as provincias e para que servían as contas. Tamén lles ensinaban a rezar, gran parte do tempo pasábano aprendendo oracións e vidas de santos. Non aprendían de natureza

nin de outras cousas, a mestra era falanxista, porque Galicia estaba na zona franquista e os mestres republicanos xa desapareceran.

Os nenos non vivían a guerra como os adultos, pero un día estando no recreo da escola souberon que algo pasaba porque uns gardas foron buscar a un mozo que vivía pegado a escola, era o tío dunha compañeira, as nenas choraban porque o coñecían como veciño e porque lles facía bromas cando ían pola rúa camiño do colexio, nunca mais o viron.

Outra das consecuencias da guerra foi a morte do seu pai, Manuel era mariñeiro e tamén estaba nun sindicato antes da guerra; miña avoa lembra que cando comezou a guerra seu pai e mais outro home colleran uns papeis que tiñan e fóranos a enterrar o monte, seus pais sempre avisaban os fillos que non podían contar fora nada do que se falaba na casa, eles sabían que era moi en serio. Un día, cando Francisca tiña once anos, seu pai estaba no peirao e sentiu barullo, un grupo de homes estaban pegando a un mozo porque o acusaban de roubar unhas nasas, o pai de Francisca saíu na súa defensa porque sabía que o rapaz no fora, pero tamén lle pegaron a el, miña avoa di que lle tiñan rabia porque eran falanxistas e seu pai era de outras ideas, a malleira que lle deron ocasionoulle que algunha costela rota rozase o pulmón, o seu pai estivo moi enfermo moito tempo, aínda así algún día tiña que ir pescar porque tiña seis fillos que alimentar, como non podía remar, os días que non había vento un amigo de Manuel levábao de remolque do seu barco que tiña motor. Foi unha época de sufrimento porque o pai era o sustento da familia, aínda así foron tirando cos cartos que tiñan aforrados para mercar un motor para o barco, pero tamén se terminarían. Un dos días que ven o médico a casa, o seu pai xa estaba moi maliño, recitoulle unha medicina que era moi cara e díxolle a muller que a levase o concello para que o alcalde lla asinase e así non pagaría nada; mandaron a Francisca ó concello e o alcalde non lla quixo asinar porque dixo que non eran pobres que tiñan unha casa e un barco, (Francisca se enfada cando o conta porque di que no podían vender o barco ou a casa para mercar a medicina) a nai mercou a receita. Tamén facían viaxes a Santiago a médicos de pago, pero Manuel morreu os oito meses da malleira.

Eso definitivamente cambiou a súas vidas, a súa nai tivo que traballar, porque non lle deron pensión de viudedade. Ela foi a arranxar os papeis ó “pósito”(debía ser unha especie de caixa de depósito onde cada “socio

aportaba unha cantidade) porque seu home pagaba cada mes, pero o funcionario non facía nada, ou como di Francisca:” se conseguiu a pensión foi o funcionario o que quedou con ela, porque nos firmábamos sen saber nada e a pensión nunca chegou”. Nestes tempos moitos dos caciques do pobo se enriquecían aproveitando a iñoranza da xente humilde.

As dúas irmáns mais vellas tiveron que deixar a escola para coidar dos cativos e facer as cousas da casa mentres que a súa nai ía polas aldeas vendendo peixe. Saía da casa moi cedo co peixe nun cesto a cabeza, camiñaba moitos kilómetros, as veces atallaba polo monte, sobre todo no verán; un deses días chegou a casa e contoulle as fillas que vira homes mortos nunha cuneta, nesa época o medo estaba sempre presente. Algún día tamén a acompañaba Francisca para axudala porque moitos da aldea non lle pagaban con cartos, dábanlle fariña, pan de trigo e outros produtos, así que tamén baixaba cargada á volta. Cando Francisca a acompañaba, súa nai lembráballe que non podía coller nada do que lle ofrecesen nas casas ata que lle rogasen tres veces con elo, eran as normas sociais de antes.

Pouco despois da morte do seu pai destinan a un tío dela a Canarias a traballar na comandancia da mariña, Francisca era a afillada deste matrimonio e querían levala con eles para criala alá coas fillas deles, pero a nai non quixo, porque Francisca era unha nena bastante delicada de saúde e súa nai tiña medo que si marchaba tan lonxe podía morrer e non vela mais, así que marchou Dolores que tiña nove anos. Francisca emociónase lembrando a amargura que esto provocou na súa nai, choraba pola filla día e noite, e os demais pola súa irmán, sabían que ía estar ben coidada e ben alimentada, que era o mais importante para súa nai, pero Canarias era demasiado lonxe (Dolores volveu con dezoito anos).

Case ó mesmo tempo Francisca ponse a traballar como interna na casa do practicante para coidar das cinco fillas pequenas, Francisca ten trece anos. Neste traballo pasouno mal ó principio, pero non por traballar, estrañaba a súa nai, choraba moito pola pero nunca lle dixo a súa nai que quería ir para casa porque non a quería desgustar, era unha boca mais para alimentar. Cos meses adaptouse moi ben, os irmáns ían por alí a xogar coas nenas que ela coidaba e vía a súa nai case todos os días. Nesta casa tamén tiñan unha carnicería e vendían xabón que facían coa graxa, a encargada de vender o xabón era a nai

do practicante, unha señora velliña, e a encargada de vixiar que as mulleres non a enganasen cos cartos era Francisca; era unha rapaza pero na casa tiñanlle moita confianza porque tamén tiña que mirar que os outros criados non roubasen comida, eran tempos de moita escasea, porque as autoridades tiñan racionada a comida, sobre todo a fariña, o aceite, o tabaco, etc. Cada persoa tiña a súa cartilla de racionamento cunha cantidade de pan ou tabaco asignada. Unha vez foron os gardas a casa do practicante a requisar un saco de fariña que tiñan agachado no faiado, foi todo un rebulo.

COMISARIA GENERAL DE ABASTECIMIENTOS Y TRANSPORTES

TARJETA DE ABASTECIMIENTO

DATOS DEL TITULAR

Nombre: **Jose** (Nombre) | Primer apellido: **Ventoso** | Segundo apellido: **Oujo**

Sexo: **V** | Nacimiento: día **30** mes **agosto** año **1931** | Años cumplidos: **13**

Estado civil: **S** | Profesión: **escolar**

Lugar de nacimiento: Municipio de **Puerto Son** | Provincia de **La Coruña**

Nombre del padre: **José** | Id. de la madre: **Dolores**

Para los extranjeros: nacionalidad

Domicilio: calle o plaza de **Alcabre, Santa Ana** núm. **3** piso **1º**

Vigo a **1** de **enero** de 19 **45**

Serie **P0.** Número **526672**

Firma del interesado (I) **Vigo** | (Provincia) **Pontevedra** | a **6** de **diciembre** de 19 **48**

(Sello) **ES COPIA** | El Delegado de Abastecimientos

Por los menores de 14 años o incapacitados firmará la persona a cuyo cuidado se encuentren. Sin la firma del titular o su representante o huella dactilar no será válida esta tarjeta.

Sérvese cuidadosamente este documento y los cupones que tiene por ser todo ello indispensable para obtener raciones de cupones de racionamento.

exemplo da cartilla de racionamento do meu avó(1948).

Un dos momentos mais difíciles para Francisca, que non deixaba de ser unha nena, na casa onde traballaba foi cando naceu a nena Rosiña, era moi miúda e non gañaba peso, o practicante, Arturo que era un home bastante adiantado o seu tempo, tiña a nena cunha dieta especial, pero a velliña da casa, que era avoa da nena, pensaba que o que tiña era fame, e mandáballe a Francisca que lle preparase unhas papas e llas dera, Francisca sufría porque sabía que si Arturo se enteraba ía pasar algo, e claro, Arturo enterouse, lembraba os berros de Arturo e as bágoas da vella como se fose onte, menudo desgusto, porque ela estaba no medio, pero Arturo entendeu que ela facía o que lle mandaban.

Despois deso a vella xa non se meteu mais na dieta da nena, Rosiña saíu para adiante. Rosiña é a nena que aparece na foto, aí a Francisca xa ten dezaioito anos, está a punto de marchar a traballar a Vigo.



De esq. a dta. Gracia, Rosiña, Concha(muller de Arturo), Francisca. (1948)

Na casa do practicante estaba ben pero non lle pagaban, traballaba polo sustento, así que cando unha tía de Vigo chama a súa irmán mais vella para traballar nunha casa onde si lle van pagar, Francisca pide que tamén lle busquen unha para ela. Marcha para Vigo con dezaioito anos e comeza a traballar unha casa como interna, encárgase dos nenos e de todo o que conleva unha casa, o seu xefe era patrón de pesca nun dos mellores barcos de Vigo, a situación económica da familia era boa; nesa época as familias pudientes tiñan niñeira. Traballaba toda a semana, so libraba os xoves a tarde, que aproveitaba para ir a casa da súa tía a xogar as cartas, ou a falar, ou a contar contos.

Conta Francisca que co primeiro soldo que gañou mercou uns zapatos e unha tea para un vestido, e non lle sobrou case nada.

Cando as dúas irmáns viron que en Vigo podían vivir mellor que na vila mariñeira, mandaron chamar a súa nai e máis os seus irmáns, alugaron unha casa para a familia e comezou outra etapa. Estamos no ano 49. As irmáns axudan a economía familiar, a nai de Francisca tamén traballa limpando algunha casa, e o fillo Manuel xa tiña quince anos, así que Francisca falou co seu xefe e levouno a traballar no barco con el. Os nenos que empezaban a traballar no mar axudaban a todo un pouco, o nome que recibía o seu posto no barco era “rapaz de abordo”.

Os outros dous irmáns ían á escola, Josefa despois iría a aprender a coser, e Juan anos despois tamén embarcaría.

É en Vigo onde Francisca coñece a Xosé (seu futuro marido), era o seu primo, pero como sempre vivira en Vigo, apenas o vira de pequena. Era o fillo máis vello da tía que as mandara chamar e tiña un carácter alegre e divertido, traballaba nun almacén ata que, como todos os homes da familia embarca para traballar nos barcos do bacallao, van a Terranova, en campañas que duran ata nove meses. Co tempo, Xosé faise cociñeiro do barco, é o tempo de noivo de Francisca. Cando deciden casar, como son primos irmáns teñen que pedir dispensa ó Papa, que lla concede. Casan o 3 de xaneiro do ano 1957. Ata esa fecha Francisca estivo traballando na mesma casa de Vigo.



casamento de Francisca e Xosé. 1957

Despois de casar vive uns anos na casa dos sogros, era unha maneira de aforrar cartos para xuntar para unha casa. Xosé segue traballando de cociñeiro nos bacaladeiros, as mareas duran sete ou nove meses, e nese tempo Francisca axuda a súa sogra que dá comidas ós mariñeiros que veñen da vila mariñeira para embarcar en Vigo, tamén lles lavaban a roupa. Vivindo ca sogra nace a súa primeira filla, Xosé coñécea cando a nena ten cinco meses. Como tiñan algún carto aforrado deciden que Xosé quede na escola náutica para estudar para patrón de pesca, así o fan, durante os nove meses que durou o curso viviron do que tiñan aforrado e ó mesmo tempo Francisca estaba preñada do seu segundo fillo. Cando remata na escola náutica consegue traballo nos barcos do Gran Sol, o seu posto de momento é de patrón de costa, co tempo e a experiencia traballará de patrón de pesca co que a economía familiar mellorará moito, as mareas xa non son tan largas, só de quince días. A súa vida transcorre máis ou menos, vailles bastante ben pero aínda viven cos sogros.

No ano 1962 véñense para A Coruña, e o ano que nace, a súa terceira filla. Primeiro viven alugados nun piso pero uns anos despois mercan un. Xosé gañaba ben, e Francisca non traballou nunca fora da casa desde que casou. Aínda tivo outro fillo no ano 1966.

A súa familia irmáns e nai veñen tamén pouco a pouco para Coruña, a flota de Gran Sol era mellor e toda a familia, mariñeira, vense. Os anos seguintes son bos, os fillos vanse criando ben, estudian, a Xosé non lle falta traballo, incluso compra unha parte nun barco, o que lles da un empuxón moi grande na economía e compran algunhas propiedades.



Francisca, xa na Coruña, con tres dos seus fillos e un sobriño.1964

No ano 1975 rematan de facer unha casa na vila mariñeira, alí van a veranear todos os anos, tamén pasan todos os períodos de vacacións escolares, Xosé estaba navegando e Francisca, que xa conducía, ía cos fillos.

Os anos pasan e os dous fillos mais vellos marchan para Santiago a estudar, no ano 1981 Xosé cae enfermo, tiña unha enfermidade na retina e xa se xubila, aínda que anticipadamente porque non cumprira os 55 anos cos que se xubilan os mariñeiros que teñen trinta anos cotizados.

Os fillos vanse independizando e no ano 1993 Xosé e Francisca marchan a vivir para ó pobo, onde tamén vivía outra irmán dela xa co home xubilado. Xosé morre no ano 2000 e Francisca segue vivindo na vila mariñeira, leva unha vida tranquila, participa nas actividades que organiza o concello para os xubilados, ten amigas, fan excursións...

A miña avoa Francisca é sobre todo unha boa muller, no verán atura ós seus sete netos, dous viven no pobo pero cinco vamos no verán cos nosos pais, sempre ten a casa chea de xente, sempre ten paciencia.



postal da república que gardara o pai de Francisca 1931

